

**1º EXERCICIO: PARTE COMÚN**

**INSTRUCCIÓN:**

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
  - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPONSTAS".
  - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
  - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
  - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPONSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
  - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
  - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
  - 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPONSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPONSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, ¿que afirmación das seguintes é falsa?**

- A) O persoal estatutario non poderá percibir participación nos ingresos normativamente atribuídos aos servizos de saúde como contraprestación de calquera servizo.
- B) No ámbito de cada servizo de saúde fixaranse as retribucións dos aspirantes en prácticas que, como mínimo, corresponderán ás retribucións básicas, excluídos trienios, e complemento de destino do grupo ao que aspiren ingresar.
- C) A duración máxima conxunta dos tempos de traballo correspondentes á xornada complementaria e á xornada ordinaria será de 48 horas semanais de traballo efectivo de media en cómputo semestral, agás que mediante acordo, pacto ou convenio colectivo se estableza outro cómputo.
- D) Non serán tomados en consideración para a indicada duración máxima os períodos de localización, agás que o interesado sexa requirido para a prestación dun traballo ou servizo efectivo, caso no que se computará como xornada tanto a duración do traballo desenvolvido como os tempos de desprazamento.

**2. Con respecto ás estruturas de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde, ¿cal das seguintes afirmacións é falsa?:**

- A) As estruturas de xestión integrada configúranse como un instrumento de organización, sen personalidade xurídica, no ámbito periférico do Servizo Galego de Saúde.
- B) O/a titular da Xerencia de Xestión Integrada deberá ser licenciado/a sanitario/a universitario/a ou equivalente segundo o Espazo Europeo de Educación Superior e o seu nomeamento ou cesamento produciranse por orde da Consellería de Sanidade.
- C) O/a titular da Xerencia Executiva deberá ser licenciado/a sanitario/a universitario/a ou equivalente segundo o Espazo Europeo de Educación Superior e o seu nomeamento ou cesamento producirase por orde da Consellería de Sanidade.
- D) O/a titular da Xerencia de Xestión Integrada ten entre as súas funcións xestionar o proceso de reclamacións, suxestións e agradecementos.

**3. En atención á lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, ¿que afirmación das seguintes é falsa?**

- A) Unicamente se acordará o cesamento do persoal estatutario interino cando se incorpore persoal fixo, polo procedemento legal ou regulamentariamente establecido, á praza que desenvolva, así como cando a dita praza resulte amortizada.
- B) Unicamente se expedirá o nomeamento de substitución cando resulte necesario atender as funcións de persoal fixo ou temporal, durante os períodos de vacacións, permisos e demais ausencias de carácter temporal que comporten a reserva da praza.
- C) Unicamente se acordará o cesamento do persoal estatutario substituto cando se reincorpore a persoa á que substitúa, así como cando esta perda o seu dereito á reincorporación á mesma praza ou función.
- D) Unicamente se acordará o cesamento do persoal estatutario eventual cando se produza a causa ou venza o prazo que expresamente se determine no seu nomeamento.

**4. ¿Quen gozan da condición política de galegos segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia?:**

- A) Os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia.
- B) Os cidadáns galegos que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia.
- C) Os cidadáns galegos que, de acordo coas leis autonómicas, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios do Estado.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

**5. Segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, ¿cal das seguintes opcións é falsa?:**

- A) A prevención de riscos laborais non debe estar integrada no sistema xeral de xestión da empresa.
- B) O acceso á información médica de carácter persoal limitarase ao persoal médico e ás autoridades sanitarias que leven a cabo a vixilancia da saúde dos traballadores, sen que poida facilitarse ao empresario ou a outras persoas sen consentimento expreso do traballador.
- C) O Goberno regulará os requisitos mínimos que deben reunir as condicións de traballo para a protección da seguridade e a saúde dos traballadores.
- D) Os traballadores e os seus representantes poderán recorrer á Inspección de Traballo e Seguridade Social se consideran que as medidas adoptadas e os medios utilizados polo empresario non son suficientes para garantir a seguridade e a saúde no traballo.

**6. Segundo o disposto polo Decreto 206/2005, sobre os requisitos para a provisión de postos de persoal licenciado sanitario, ¿cal é a opción verdadeira?:**

- A) Os aspirantes deberán acreditar un mínimo de dous anos de experiencia, na categoría ou especialidade exigible para o acceso ao posto, nas institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde.
- B) Os aspirantes deberán acreditar un mínimo de cinco anos de experiencia, na categoría ou especialidade exigible para o acceso ao posto, nas institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde.
- C) Os postos de xefatura das unidades ou servizos de atención primaria serán cubertos en todo caso por un profesional adscrito aos mesmos.
- D) Ningunha é correcta.

**7. ¿Cal dos seguintes dereitos se configura na sección de dereitos fundamentais da Constitución Española de 1978?:**

- A) O dereito á protección da saúde.
- B) O dereito de reunión.
- C) O dereito á propiedade privada.
- D) O dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada.

**8. Segundo a Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, ¿cal das seguintes opcións é a correcta?:**

A) Rexeranse polas súas disposicións específicas, e polo especialmente previsto, no seu caso, por esta lei orgánica os tratamentos de datos persoais que sirvan a fins exclusivamente estatísticos, e estean amparados pola lexislación estatal ou autonómica sobre a función estatística pública.

B) A creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderán facerse por medio de disposición xeral publicada no «Boletín Oficial del Estado» ou Diario Oficial correspondente.

C) Os datos de carácter persoal que fagan referencia ao orixe racial, á saúde e á vida sexual só poderán ser recollidos, tratados e cedidos cando, por razóns de interese xeral, así o dispoña unha lei ou o afectado consinta expresamente.

D) Todas as anteriores son certas.

**9. ¿En que ano se aprobou a vixente Lei Xeral de Sanidade?:**

A) 1984.

B) 1986.

C) 1989.

D) 1996.

**10. Os poderes do Estado emanan:**

A) Do pobo español.

B) Das Cortes Xerais.

C) Do Rei.

D) Da nación.

Preguntas de reserva

**1. Segundo o disposto polo Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, ¿cal das seguintes opcións é falsa?:**

- A) Os procesos de selección, mobilidade e promoción interna que se convoquen abranguerán como mínimo, con carácter xeral, o ámbito de cobertura territorial dunha área sanitaria.
- B) É requisito de participación nos procesos de selección de persoal estatutario fixo non ter sido separado do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde ou administración pública nos cinco anos anteriores á convocatoria, nin estar inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, no seu caso, para a correspondente profesión.
- C) Os aspirantes nomeados en concurso–oposición disporán do prazo dun mes para incorporarse ao destino adjudicado. O cómputo do dito prazo iníciase ao día seguinte ao da publicación da resolución pola que se declare finalizado o proceso selectivo.
- D) Con carácter extraordinario e excepcional, e para o acceso a prazas de persoal licenciado sanitario que requiran alta especialización, a selección poderá realizarse a través dun concurso, ou un concurso–oposición, consistente na avaliación da competencia profesional dos aspirantes.

**2. Segundo a Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, ¿cal das seguintes opcións é a correcta sobre os principios xerais da acción preventiva?:**

- A) Débense evitar os riscos.
- B) Débense avaliar os riscos que non se poidan evitar.
- C) Débense combater os riscos na súa orixe.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.